

**PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:**

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicios en clave de sol e fa en 4a, que incluírán as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental.
2. Entoación. Exercicios que incluírá as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental. Ditos exercicios realizaranse con acompañamento pianístico. Ao alumno/a se lle dará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarse co piano durante a realización.
3. Ditado. En Do M, que incluírá as dificultades rítmico- melódicas propias do 1º curso de Grao Elemental.
4. Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos propios do curso de 1º G.E.

**Criterios de avaliación**

1. Ler fragmentos rítmicos na clave de sol e fa en 4ª, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

**Criterios de cualificación e promoción**

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obtérase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 35%
2. Entoación 20 %
3. Ditado 20%
4. Teoría 25%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

### PROBA DE PERCUSIÓN

Nestas probas se deberán interpretar 3 pezas: dúas a elixir polo/a alumno/a (unha de marimba ou xilófono) e outra de timbais, multipercusión ou batería, e unha peza de caixa de lectura a primeira vista.

### LISTADO DE OBRAS ORIENTATIVO

#### Caixa:

Método de Percusión de Michael Jansen Vol.1 (estudos finais)

#### Timbais:

Método de Percusión de Michael Jansen Vol.1 (estudos finais)

#### Láminas: (2 BAQUETAS)

Método de Percusión de Michael Jansen Vol.1 (estudos finais)

#### Multipercusión:

Método de Percusión de Michael Jansen Vol.1 (estudos finais)

66 Drum Solos de T. Hapke

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Demostrar unha soltura e control técnico nos principais instrumentos da familia da percusión: caixa, láminas, timbais, batería ou multipercusión.
- Demostrar unha axeitada precisión rítmica e unha correcta interpretación do tempo da peza.
- Demostrar unha correcta excución do texto da partitura.
- Interpretar un repertorio solista adecuado ao nivel cun mínimo de musicalidade e cunha actitude escénica axeitada.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva para obter o mellor son de cada un dos instrumentos.

#### **IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

LISTA DE COTEXO (probas, audicións e concertos)	
<b>TÉCNICA:</b> Calidade na execución dos distintos tipos de agarre e das técnicas de cada instrumento.	50%
<b>RITMO:</b> Precisión rítmica, estabilidade do tempo, correcta interpretación do tempo da peza.	20%
<b>TEXTO:</b> Correcta excución do texto da partitura e valoración da dificultade da obra/estudo.	10%
<b>MUSICALIDADE:</b> Calidade da expresión musical, capacidade de fraseo e sensibilidade na execución.	10%
<b>ACTITUDE ESCÉNICA:</b> Correcta colocación para cada instrumento, expresión corporal e posta en escea.	10%

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.